



Trátase dun dos maiores estudos de mercado do sector do retail

EROSKI OBTÉN CINCO GALARDÓNS NOS PREMIOS COMERCIO DO ANO

- **Por sétimo ano consecutivo, os consumidores elixen EROSKI como o mellor Supermercado Online**
- **Por primeira vez nesta edición, EROSKI recibe o premio na categoría "Mellor Comercio do Ano" en 'Produtos Frescos' e 'Hipermercados'**
- **Tamén recibiu o "Premio Mellor Comercio do Ano" nas categorías de Supermercados de Proximidade e de Franquías**

Elorrio, 19 de outubro de 2023.- [EROSKI](#) recibiu cinco galardóns na décima edición dos [Premios Comercio do Ano 2023-2024](#). Concretamente foi premiada nas categorías de comercio *online*, produtos frescos, hipermercados, supermercados de proximidade e franquías. Estes recoñecementos foron concedidos polas persoas consumidoras no maior certame de consumidores de España e un dos maiores estudos de mercado do sector do *retail*.

Estes galardóns supoñen un recoñecemento aos eixes principais do modelo comercial "contigo" de EROSKI, que se caracteriza por unha forte aposta polos produtos locais e frescos de tempada, a promoción da alimentación saudable e sostible, atención personalizada, novas modalidades de aforro na cesta da compra cotiá e innovacións tecnolóxicas para reducir o impacto ambiental da súa actividade.

WebShop do ano

Por sétimo ano consecutivo, EROSKI recibiu o galardón 'WebShop do ano' na categoría de supermercados *online*. Na votación, as persoas consumidoras valoraron variables como a relación calidade-prezo, a amplitude da oferta, o servizo ao cliente, a entrega de pedidos, as promocións e ofertas, as modalidades de pagamento ou a experiencia do usuario, entre outras.

EROSKI

Comunicación Corporativa

Tel.: 944 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

Sala de prensa online



O [supermercado EROSKI online](#) conta con máis de 14.000 referencias de alimentación e frescos e mais con produtos de non alimentación que inclúen bazar, electrodomésticos e téxtil, para asegurar a máxima cobertura de necesidades do cliente na súa cesta da compra. Trátase dun servizo que presenta as vantaxes comerciais do mundo físico no supermercado *online*, garante unha experiencia de compra uniforme entre canles e ofrece a posibilidade de recollida de compras *online* de xeito gratuito e inmediato.

"Conseguir durante 7 anos consecutivos este premio non foi unha casualidade, é o resultado dun traballo ben feito que ten os consumidores no centro de todas as nosas decisións. Este premio recoñece a nosa traxectoria ao longo dos anos e móstranos ante a sociedade como unha marca de confianza e calidade", detallou a responsable de negocio *online* de EROSKI, Olga Eguizabal.

Premiada en dúas novas categorías

Como novidade nesta edición EROSKI foi premiada na categoría 'Mellor Comercio do Ano en Produtos Frescos' e 'Hipermercados' e repetiu galardóns nas categorías de 'Supermercados de Proximidade', de 'Franquías de supermercados' e 'Comercio *online*'. *"Este premio confirma que a nosa proposta omnicanal é apreciada en toda a súa dimensión polos consumidores, que atopan en todos os nosos formatos e canles resposta ás súas necesidades. E é en resposta ás necesidades actuais polo que dende EROSKI seguiremos a traballar para reducirmos os efectos da alta inflación de custas que se mantén no eido alimentario"*, afirmou o director de Supermercados e Procesos de EROSKI, Alberto Madariaga.

Mellor Comercio en franquía

Na franquía EROSKI impleméntase tamén o devandito modelo comercial, que integra todas as características, avances e vantaxes da rede de tendas propias EROSKI. Conta con diferentes formatos comerciais, entre os que destacan EROSKI City para supermercados de proximidade de 250 a 400 metros cadrados, con ampla oferta de alimentación, frescos en libre servizo, e atención personalizada, e EROSKI Rapid, un formato de ultraproximidade e conveniencia de aproximadamente 150 metros

EROSKI

Comunicación Corporativa

Tel.: 944 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

Tel.: 944 158 642

Sala de prensa *online*

EDURNE IZQUIERDO



cadrados, que fai posible unha compra cómoda, rápida e completa con capacidade de adaptación a case calquera situación –ciudades, gasolineras, universidades, zonas turísticas, praias. A rede de franquías EROSKI, que cumpriu 45 anos, mantén o ritmo de aperturas de anos anteriores e supera xa os 600 supermercados franquidados.

EROSKI

Comunicación Corporativa

Tel.: 944 211 214

comunicacion@eroski.es**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

Sala de prensa online